

Nome e apelidos:	
Sinatura:	

**1.- Cando se deba resolver unha pluralidade de recursos administrativos procedentes dun mesmo acto administrativo e se interpuxese un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou contra o acto de desestimación presunta correspondente, o órgano administrativo:**

- a) poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que se dite resolución xudicial.
- b) deberá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que se dite resolución xudicial.
- c) non poderá acordar a suspensión do prazo para resolver mentres non se dite resolución xudicial.
- d) todas as respostas anteriores son incorrectas.

**2.- Contra a resolución do recurso de reposición:**

- a) O dito recurso poderá interpoñerse de novo no prazo de 1 mes.
- b) O recurso non poderá interpoñerse de novo.
- c) O dito recurso poderá interpoñerse de novo no prazo de 2 meses.
- d) O dito recurso poderá interpoñerse de novo por diferentes causas no prazo de 1 mes.

**3.- A renuncia á condición de funcionario:**

- a) non é causa de perda da condición de funcionario de carreira.
- b) é causa de suspensión provisional da condición de funcionario de carreira.
- c) é causa de suspensión definitiva da condición de funcionario de carreira.
- d) é causa de perda da condición de funcionario de carreira.

**4.- En principio e salvo situacións de prórroga, o mandato dos membros das Xuntas de Persoal e dos Delegados de Persoal, se é o caso, será de:**

- a) dous anos, con posibilidade de ser reelixido.
- b) cinco anos, non podendo ser reelixidos.
- c) catro anos, podendo ser reelixidos.
- d) dous anos, e non poderán ser reelixidos.

**5.- De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, o dereito á portabilidade:**

- a) exercerase segundo o disposto no art. 27 do Regulamento (UE) 2015/699.
- b) exercerase segundo o disposto no art. 20 do Regulamento (UE) 2017/578.
- c) exercerase segundo o disposto no art. 20 do Regulamento (UE) 2018/377.
- d) exercerase segundo o disposto no art. 20 do Regulamento (UE) 2016/679.

**6.- De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, créase o Comisionado de Transparencia e atribúense as funcións do mesmo:**

- a) ao Valedor do Pobo.
- b) ao Presidente da Xunta de Galicia.
- c) ao Vicepresidente da Xunta de Galicia.
- d) ao Presidente do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia.

**7.- Para facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes no sector agrario de acordo coa Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:**

- a) O Consello Económico e Social de cada Concello desenvolverá a figura xurídica da titularidade compartida, para que se recoñezan plenamente os dereitos das mulleres do sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, así como o recoñecemento do seu traballo.
- b) O Consello Consultivo de cada Comunidade Autónoma desenvolverá a figura xurídica da titularidade compartida, para que se recoñezan plenamente os dereitos das mulleres do sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, así como o recoñecemento do seu traballo.
- c) O Consello Consultivo e Social de cada Concello desenvolverá a figura xurídica da titularidade compartida, para que se recoñezan plenamente os dereitos das mulleres do sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, así como o recoñecemento do seu traballo.

d) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais desenvolverán a figura xurídica da titularidade compartida, co fin de que se recoñezan plenamente os dereitos da muller no sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, así como recoñecemento do seu traballo.

**8.- O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia por un período de:**

- a) cinco anos
- b) seis anos.
- c) catro anos.
- d) dez anos.

**9.- O Valedor do Pobo de Galicia:**

- a) está suxeito ao mandato imperativo da Consellería de Xustiza.
- b) desempeña as súas funcións con autonomía no marco das directrices que estableza a Consellería de Xustiza.
- c) non está suxeito a ningún mandato imperativo e non recibe instrucións de ningunha autoridade. Desempeña as súas funcións con autonomía e segundo o seu criterio.
- d) está suxeito ao mandato imperativo do Presidente da Xunta de Galicia.

**10.- Cando, como consecuencia do desenvolvemento urbanístico, se confundan os seus núcleos urbanos, sen que para o efecto se constitúan unha solución de continuidade os parques, xardíns, paseos, avenidas, campos deportivos e zonas residenciais que poidan existir entre eles:**

- a) os barrios limítrofes poderán fusionarse para crear un novo.
- b) a fusión de distritos limítrofes poderá realizarse para constituír un novo.
- c) a fusión de concellos limítrofes poderá realizarse para a creación dun novo.
- d) a fusión de parroquias limítrofes poderá realizarse para constituír unha nova.

**11.- Para a demarcación, deslinde e amolloamento dos termos municipais, cada un dos Concellos afectados pola liña divisoria, nomeará unha Comisión integrada por:**

- a) O alcalde e seis concelleiros, que xunto co secretario da Corporación verificarán a operación de que se trate.
- b) O Alcalde e tres Concelleiros, que, xunto co Secretario da Corporación e o Perito designado polo Concello, verificarán a operación de que se trate.
- c) O Alcalde e dous Concelleiros, que, xunto co Secretario da Corporación e o Tesoureiro designado polo Concello, verificarán a operación de que se trate.
- d) O Alcalde e todos os Concelleiros, que, xunto co Secretario da Corporación e o Interventor designado polo Concello, verificarán a operación de que se trate.

**12.- Os acordos celebrados polo Estado con outros Estados ou con entidades de dereito internacional público:**

- a) están incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- b) quedan excluídos do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- c) están incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2021, do 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- d) todas as respostas anteriores son incorrectas.

**13.- Os contratos incluídos no ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que se celebren no sector da defensa:**

- a) non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, a partir dun valor estimado de 5 millóns de euros.
- b) non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, a partir dun valor estimado de 12 millóns de euros.
- c) considéranse suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado.
- d) non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado.

**14.- Aprobada a reforma constitucional polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación:**

- a) Cando así o soliciten, dentro dos 15 días seguintes á súa aprobación, una quinta parte dos membros de calquera das Cámaras.
- b) Cando así o soliciten, dentro dos 10 días seguintes á súa aprobación, una décima parte dos membros de calquera das Cámaras.
- c) Cando así o soliciten, dentro dos 10 días seguintes á súa aprobación, una quinta parte dos membros de calquera das Cámaras.
- d) Cando así o soliciten, dentro dos 15 días seguintes á súa aprobación, una décima parte dos membros de calquera das Cámaras.

**15.- Segundo o artigo 48 da Constitución:**

- a) Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.
- b) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- c) Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.
- d) Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

**16.- Sinala a correcta:**

- a) Cando un proxecto de lei ou unha emenda sexa contrario a unha delegación legislativa en vigor, o Congreso está facultado para opoñerse á súa tramitación.
- b) Cando una proposición de Lei ou unha emenda sexa contrario a unha delegación legislativa en vigor, o Goberno está facultado para opoñerse á súa tramitación.
- c) Cando un proxecto de Lei ou unha emenda sexa contrario a unha delegación legislativa en vigor, o Goberno está facultado para opoñerse á súa tramitación.
- d) Cando unha proposición de Lei ou unha emenda sexa contraria a unha delegación legislativa en vigor, o Congreso está facultado para opoñerse á súa tramitación.

**17.- Segundo o artigo 30 da Constitución:**

- a) Os españois terán o deber ou o dereito de defender a España.
- b) A Lei fixará o servizo militar obrigatorio imperativamente.
- c) A Lei fixará as obrigacións militares dos españois.
- d) Establecerase un servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral.

**18.- Segundo afirma o Estatuto de Autonomía, Galicia é:**

- a) Unha nacionalidade histórica.
- b) Unha Comunidade Autónoma.
- c) Unha Comunidade Histórica.
- d) Un territorio histórico.

**19.- De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Bens Inmóble é un tributo:**

- a) Directo de carácter persoal.
- b) Directo de carácter real.
- c) Indirectas.
- d) Son todas correctas

**20.- Sinala a incorrecta:**

- a) As materias non atribuídas expresamente ao Estado por esta Constitución poderán corresponder ás Comunidades Autónomas, en virtude dos seus respectivos Estatutos.
- b) A competencia sobre as materias que non se asumiran polos Estatutos de Autonomía corresponderá ao Estado.
- c) As normas do Estado prevalecerán, en caso de conflito, sobre as das Comunidades Autónomas en todo o que non esté atribuído á exclusiva competencia de éstas.
- d) O dereito das Comunidades Autónomas será, en todo caso, supletorio do dereito do Estado.

**21.- O Estado poderá ditar Leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas. Corresponde:**

- a) Ó Congreso dos Deputados, por maioría absoluta, a apreciación desta necesidade.
- b) Ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara, a apreciación desta necesidade.
- c) Ás Cortes Xerais, por maioría de dous tercios dos membros da Cámara, a apreciación desta necesidade.
- d) Ó Congreso dos Deputados, por maioría de dous tercios dos seus membros, a apreciación desta necesidade.

**22.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, asume a sanidade interior como unha competencia:**

- a) Exclusiva de Galicia.
- b) Plena.
- c) De desenvolvemento e execución.
- d) De execución.

**23.- A Constitución Española de 1978 ten un total de:**

- a) 168 artigos.
- b) 178 artigos.
- c) 169 artigos.
- d) 190 artigos.

**24.- A Constitución Española, no seu artigo 1, defende como valores superiores do seu ordenamento xurídico:**

- a) A indisoluble unidade da Nación Española, patria común e indivisible de todos os españois.
- b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa e a publicidade das normas.
- c) Liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.
- d) Liberdade e xustiza.

**25.- En que artigo da Constitución di que "os españois son iguais ante a lei sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que prevaleza":**

- a) No artigo 12
- b) No artigo 14
- c) No artigo 2
- d) No artigo 5

**26.- Segundo o artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, como se denomina a entidade local formada pola agrupación de concellos para a xestión común de obras e servizos?**

- a) Mancomunidade.
- b) Rexión.
- c) Área Metropolitana.
- d) Provincia.

**27.- O Estado organízase territorialmente en:**

- A) Provincias e Comunidades Autónomas
- B) Provincias e Municipios
- C) En Provincias, Municipios e Comarcas
- D) En Municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constituán

**28.- Quen designa ao defensor do Pobo?**

- A) O Congreso
- B) O Goberno
- C) O Congreso e O Senado
- D) As Cortes Xerais

**29.- A Institución do Defensor do Pobo regularase:**

- A) Mediante unha lei ordinaria
- B) Mediante unha lei ordinaria e orgánica
- C) Mediante unha lei orgánica
- D) Mediante un Decreto legislativo

**30.- A Constitución institue a figura do Defensor do Pobo como:**

- A) Defensor de todos os dereitos dos cidadáns
- B) Defensor de todos os dereitos dos cidadáns e do interese público
- C) Alto comisionado do Congreso
- D) Alto comisionado das Cortes Xerais

**31.- A función que ten o poder xudicial en España é:**

- A) Garantir o cumprimento da lei por parte das institucións e os cidadáns
- B) Garantir o cumprimento da lei por parte do goberno
- C) Garantir o cumprimento da lei por parte do goberno e dos cidadáns
- D) Garantir o cumprimento da lei por parte do goberno e das Comunidades Autónomas

**32.- O Municipio é:**

- A) A entidade local básica da organización territorial do Estado
- B) A entidade local básica da organización territorial xunto coas provincias
- C) A entidade local básica que se organiza a través das Deputacións provinciais
- D) A entidade local que se organiza conxuntamente coas Comunidades Autónomas

**33.- Os elementos do Municipio son:**

- A) A poboación e designación da Presidencia da Deputación
- B) O territorio, a poboación e a organización
- C) O territorio, a poboación e a organización das Deputacións provinciais
- D) O territorio e as Comarcas

**34.- O termo Municipal é:**

- A) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias
- B) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias conxuntamente coa Deputación Provincial
- C) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias, dependendo da organización da Comunidade Autónoma
- D) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias xunto coas entidades mancomunales

**35.- A Administración pública actúa de acordo cos principios de:**

- A) Igualdade
- B) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito
- C) Lexitimidade e lealdade institucional
- D) Boa fe

**36.- O patrimonio das Entidades Locais está constituído por:**

- A) Adquisición de bens
- B) Edifícios de uso público
- C) O conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen
- D) Os bens cedidos por parte da Comunidade Autónoma

**37.- Os bens das Entidades Locais clasifícanse en:**

- A) Bens de dominio público e bens patrimoniais
- B) Bens comunais
- C) Bens de dominio público
- D) Bens patrimoniais

**38.- Os bens de dominio público das Entidades Locais son:**

- A) Bens para o uso público previa autorización da Entidade Local
- B) Bens para o común dos veciños
- C) Bens destinados a un uso ou servizo público
- D) Bens para o uso público das persoas empadroadas no Municipio

**39.- Son bens patrimoniais das Entidades Locais:**

- A) Os que sendo propiedade da Entidade Local non estean destinados a uso público nin afectados a algún servizo público e poidan constituír fontes de ingresos para o erario da Entidade
- B) Os cedidos polas Comunidades Autónomas
- C) As Casas dos Concellos e os Edifícios Provinciais
- D) Os que adquire a Entidade Local

**40.- O orzamento das Entidades Locais é:**

- A) Xestionar o orzamento que recibe do Estado
- B) Xestionar os tributos que recada a Entidade Local
- C) Un mandato do Pleno da Entidade Local, e indica ao goberno local canto e en que pode gastar, como máximo, nun exercicio, así como os ingresos previstos para financiar o gasto
- D) Un mandato que dita a Comunidade Autónoma e indica o máximo de gasto que se pode aplicar nun exercicio



**41.- Segundo a Lei 13/2008 de 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia, os principios xerais dos servizos sociais , son entre outros , sinala a resposta correcta**

- a) universalidade, prevención, responsabilidade pública e globalidade
- b) equidade e equilibrio territorial , acción integral e coordinación
- c) autonomía persoal e vida independente, participación , descentralización e proximidade
- d) todas son correctas.

**42.- Son dereitos das persoas en relación cos servizos sociais, segundo o artigo 6 da Lei 13/2008 de 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia , os seguintes**

- a) a utilizar o sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social
- b) a unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara ao seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral
- c) a ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social
- d) a, b e c son correctas

**43.- Son deberes das persoas en relación cos servizos sociais, segundo o artigo 6 da Lei 13/2008 de 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia , os seguintes**

- a) comunicarlle ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polos servizos sociais
- b) colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con eles e seguindo os programas e as orientacións que lles prescriban
- c) as respostas a e b son correctas
- d) destinar as prestacións recibidas para distinto fin para o que foron concedidas

**44.- No servizo de axuda no fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico, sinala a resposta incorrecta**

- a) atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria
- b) non se realizarán atencións de acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias, tale como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares , así coma o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario
- c) atencións de carácter psicosocial e educativo
- d) atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizo específicos.

**45.- A intervención profesional nas familias no marco do programa de prestación do servizo de educación e apoio familiar , establecido no plan concertado , ten que ser realizada por**

- a) persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo
- b) entidades privadas que presten servizo de educación familiar mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos
- c) o persoal técnico ten que contar coa titulación de educador social
- d) o persoal técnico non ten porque formar parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios.

**46.- Son persoas destinatarias do servizo de educación e apoio familiar, no marco do plan concertado, nos servizos sociais comunitarios, as seguintes :**

- a) o programa diríxese só a unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar , con menores en situación de abandono
- b) o programa diríxese con carácter xeral ás familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se encontren en situación de maior vulnerabilidade nas cales exista presenza de menores en risco de desatención ou nas cales se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco
- c) o programa diríxese só a unidades familiares constituídas coma tales e con menores en risco de desatención e/ou abandono
- d) o programa diríxese só a unidades familiares con menores derivados doutros servizos específicos , con prescripción técnica por parte daqueles

**47.- Son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos , os seguintes:**

- a) a información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais
- b) a xestión do servizo de axuda no fogar
- c) o estudio e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención
- d) todas son correctas

**48.- Dentro das funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos segundo Decreto 99/2012 do 16 de marzo, atópanse entre outras as seguintes, sinala cal non é función destes:**

- a) a atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía mediante centros de día e outros servizos de atención diúrna ou nocturna
- b) a atención de persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá
- c) a xestión do servizo de axuda no fogar
- d) a atención da primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.

**49.- Son funcións dos servizos sociais especializados as seguintes:**

- a) valorar situacións que requiran unha alta especialización técnica
- b) valorar, diagnosticar e intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica e, normalmente, interdisciplinar
- c) diagnosticar situacións que requiran unha alta especialización técnica
- d) Intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica

**50.- Son entre outras, prestacións económicas esenciais, as seguintes:**

- a) as rendas de inclusión social,e axudas de emerxencia e necesidade social
- b) as libranzas vinculadas á adquisición de servizos
- c) as libranzas para coidados no contorno familiar
- d) todas as anteriores son prestacións económicas esenciais.

**51.- A Orde de 1 de abril de 2013 que regula o informe social unificado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia será de referencia para :**

- a) será o de referencia só para o programa de acollemento familiar
- b) será o de referencia en todosos procedimentos no área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal
- c) será o de referencia só para o recoñecemento de discapacidade
- d) será o de referencia só para o ingreso en centros de atencións de maiores.

**52.- O informe social unificado , corresponde a**

- a) unha técnica de traballo social
- b) un instrumento de traballo social
- c) un soporte documental
- d) ningunha das anteriores é correcta

**53.- O servizo de teleasistencia pode asignarse atendendo a 2 modalidades establecidas, sinala cales:**

- a) básica e dependente
- b) básica e avanzada
- c) básica e especializada
- d) xeral e avanzada

**54.- O servizo de teleasistencia é compatible con algún dos seguintes servizos ou libranzas**

- a) só é compatible co servizo de axuda no fogar
- b) é compatible con tódolos servizos e libranzas
- c) é compatible con todos os servizos e libranzas a excepción de servizo residencial e libranza vinculada á adquisición de servizo residencial
- d) é compatible só con libranza coidados no contorno

**55.- A Lei 39/2006 , de 14 de decembro , de Promoción de Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de Dependencia , inspírase nalgún dos seguintes principios:**

- a) o carácter público das prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
- b) a universalidade no acceso de todas as persoas en situación de dependencia, en condicións de igualdade efectiva e non discriminación, nos termos establecidos nesta Lei
- c) a atención as persoas en situación de dependencia de forma integral e integrada
- d) todos os anteriores son principios inspiradores da lei

**56.- Son titulares dos dereitos establecidos na Lei 39/2006 , de 14 de decembro , de Promoción de Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de Dependencia, os españois que cumpran os seguintes requisitos:**

- a) atoparse en situación de discapacidade
- b) residir en territorio español, e habelo feito durante 5 anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Para os menores de 5 anos, o período de residencia , esixírase a quen exerza a garda e custodia
- c) ser maiores de 3 anos
- d) ningunha é correcta

**57.- No catálogo de servizos de atención á Dependencia , forman parte entre outros os seguintes servizos:**

- a) servizo de promoción da autonomía persoal
- b) servizo de teleasistencia
- c) servizo de axuda no fogar
- d) a, b e c son correctos.

**58.- Para adquirir a condición de persoa beneficiaria de libranza para coidados no contorno familiar é necesario:**

- a) que o PIA da persoa beneficiaria determine a adecuación desta prestación
- b) que o expediente sexa tramitado coma emerxencia social
- c) que os coidados que deriven da situación de dependencia da persoa beneficiaria se estean prestando no seu domicilio habitual e con carácter previo dun ano á data da solicitude, debendo residir a persoa en situación de dependencia no dito domicilio como mínimo 9 meses ao ano
- d) os apartados a e c son correctos.

**59.- O artigo 3, da Lei de Inclusión Social de Galicia , establece os criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, tras verificar a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e situación de desemprego , e ademais deben concurrir algún dos factores seguintes:**

- a) estar nunha situación de cargas familiares non compartidas
- b) ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.
- c) pertencer a unha minoría étnica
- d) tódolos factores anteriores se valoran coma risco de exclusión, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.

**60.- Cando un menor queda privado da necesaria asistencia moral e material a causa do incumprimento ou do imposible ou do inadecuado exercicio dos deberes de protección, dicimos que está nunha situación de :**

- a) garda
- b) risco
- c) desamparo
- d) tutela

**61.- Cales das seguintes son etapas do Traballo Social en España?**

- a) Etapa benéfico-asistencial e de expansión (1930 a 1970).
- b) Etapa de estabilización teórica e perspectiva científica (1970 a 1980).
- c) Etapa de consolidación (1980 até a actualidade).
- d) Todas as respostas son correctas.

**62.- Cales dos seguintes son obxectivos do Plan Concertado para Servizos Sociais?**

- a) Garantizar uns servizos básicos a toda a poboación e proporcionar aos cidadáns servizos sociais de calidade adecuados ás súas necesidades.
- b) Construír unha rede pública de equipamentos dende a que prestar os servizos.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**63.- Cal das seguintes actuacións consideras que é unha medida de prevención social fronte á problemática asociada á vellez?**

- a) Realización de charlas informativas sobre a atención á dependencia.
- b) Impartición de grupos de autoaxuda para coídadores de persoas con dependencia.
- c) Orientación sobre recursos sociais para atención a persoas maiores.
- d) Todas son correctas.

**64.- Cal se considera, dentro dos servizos sociais de atención primaria, unha medida que permita o fomento da participación social en temas de voluntariado?**

- a) Promoción de proxectos de asociacións mediante convenios específicos e asesoramiento sobre convocatorias públicas de subvencións para a realización de actividades de interese social.
- b) Coordinación de actuacións e planificación dos servizos de participación cidadá.
- c) Incorporación do tecido asociativo nos proxectos comunitarios planificados dende os servizos sociais de atención primaria.
- d) Todas son correctas.

**65.- Segundo a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede consonte dous niveis de actuación:**

- a) Servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais específicos.
- b) Servizos sociais comunitarios básicos e outros sistemas de protección social.
- c) Servizos sociais comunitarios básicos e tecido asociativo da comunidade, con fins de carácter social.
- d) Ningunha é correcta

**66.- Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, realizar a valoración e o diagnóstico social das demandas da cidadanía, de que programa ou servizo dos servizos sociais comunitarios básicos é un contido?**

- a) Do programa de valoración, orientación e información.
- b) Do Programa de fomento de cooperación e da solidariedade social
- c) Do Programa básico de inserción social.
- d) De todos os programas e servizos dos servizos sociais comunitarios básicos.

**67.- Son obrigas das entidades de Servizos Sociais durante a labor inspectora:**

- a) Aportar (a pedimento de inspección) toda a documentación relativa a calquera aspecto da súa actividade.
- b) A permitir o acceso ás instalacións, facilitar a información, documentos, libros, soportes informáticos que sexan pedidos.
- c) Prestar a colaboración necesaria para facilitar a labor do persoal inspector.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**68.- Segundo establece a norma que regula o servizo de axuda no fogar en Galicia, son funcións do/a traballador/a social:**

- a) Programación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos servizos sociais municipais.
- b) Resolución de propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
- c) Son correctas a) e b).
- d) Orientación en actividades da vida cotiá que favorezan a normalización.

**69.- Obxectivos específicos que se pretenden acadar desde o Programa de Xantar na casa. Cal dos seguintes é falso?**

- a) Proporcionar aos usuarios/as unha alimentación de calidade e adecuada as súas necesidades, atendendo os casos de forma individualizada.
- b) Posibilitar a permanencia no domicilio e retardar ao máximo a institucionalización, como desexo e preferencia das persoas adscritas ao programa.
- c) Previr situacións de risco doméstico que se poden producir no proceso de preparación e elaboración da comida
- d) Facilitar unicamente esta medida de apoio a persoas que vivan soas.

**70.- Segundo a Lei 39/2006, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia, no seu artigo 6.2 o sistema configúrase:**

- a) Como unha rede de utilización pública e privada que integra, de forma coordinada, centros e servizos públicos.
- b) Como unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados.
- c) Como unha rede de utilización pública que integra, de forma independente, servizos públicos e privados.
- d) ningunha é correcta.

**71.- Segundo establece o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do SAAD, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, cando se realice o desestimento na fase do PIA, manterase o grao:**

- a) O grao é permanente, polo que se manterá sempre, podéndose solicitar a continuación da elaboración do PIA en calquera momento.
- b) Un ano durante o cal poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA someténdose aos prazos e requisitos establecidos.
- c) Dous anos durante os cales poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA someténdose aos prazos e requisitos establecidos.
- d) Cinco anos durante os cales poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA someténdose aos prazos e requisitos establecidos.

**72.- Indique cal dos seguintes non é considerado un gasto extraordinario que poida orixinar situacións de emerxencia social:**

- a) Gastos destinados a dotar a vivenda do equipamento mobiliario básico.
- b) Gastos destinados a cubrir con carácter urxente necesidades primarias de alimentación.
- c) Gastos destinados a cubrir con carácter urxente necesidades primarias de vestido.
- d) Ningunha é correcta.

**73.- A atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social, mediante equipamentos e programas orientados a atención psicosocial, intervención socioeducativa, actividades de tempo libre, promoción de hábitos saudables, formación de habilidades sociais ou outros que contribúan á súa integración familiar e comunitaria é unha función de:**

- a) Servizos sociais comunitarios especializados.
- b) Servizos sociais comunitarios específicos.
- c) Servizos sociais comunitarios básicos.
- d) Ningunha é correcta.

**74.- Requisitos para as familias acolledoras en relación ó Programa de Acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade. Cal é falso?**

- a) Cada familia non poderá acoller a máis dun beneficiario.
- b) Non poderá existir con anterioridade ao acollemento, testamento ou transmisións de bens ou dereitos a título gratuito feitos ao seu favor por parte da persoa acollida.
- c) Ausencia de ánimo de lucro no que respecta ao programa de acollemento.
- d) Non ter a condición de titor legal da/s persoa/s acollida/s.

**75.- Son programas especializados na atención a persoas con discapacidade. Sinala a resposta correcta:**

- a) Programa de respiro familiar no CRE de enfermidades raras.
- b) Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade.
- c) Acollemento familiar.
- d) Todas son correctas.

**76.- Requisitos de acceso ás axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas:**

- a) Estar en posesión da nacionalidade española antes de retornar.
- b) Estar empadroadado/a e ter residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ter residido no estranxeiro un mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á data do retorno a España.
- d) Todas son correctas.

**77.- O procedemento mediante o cal se seleccionan, ordenan e deseñan as accións que deben realizarse para o logro de determinados propósitos, procurando unha utilización racional dos recursos dispoñibles é:**

- a) A execución.
- b) A investigación.
- c) A avaliación.
- d) A planificación.

**78.- Dentro das ferramentas informáticas utilizadas para o Traballo Social, a HSUE, regulada no Decreto 89/2016 de 30 de xuño, no seu artigo 4 di:**

- a) A HSUE deberá ser única por persona usuaria do sistema galego de servizos sociais na Comunidade Autónoma.
- b) A HSUE deberá ser única por unidade convivencial dentro do expediente do sistema galego de servizos sociais na Comunidade Autónoma.
- c) A HSUE non ten que ser única por membro da unidade convivencial dentro do expediente do sistema galego de servizos sociais na Comunidade Autónoma.
- d) Ningunha é correcta.

**79.- Cal destes dereitos non está recollido no artigo 7 da Lei 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria, como un dos dereitos das persoas voluntarias.**

- a) Obter cambio do programa asignado cando existan causas que o xustifique dentro das posibilidades da entidade.
- b) Renunciar libremente, sen aviso previo, a súa condición de persoa voluntaria.
- c) Ser tratado sen ningún tipo de discriminación respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- d) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.

**80.- Que un equipo sexa interdisciplinar implica sempre un grao determinado de participación, responsabilidade e:**

- a) Implicación sobre os obxectivos para seguir.
- b) Boa relación persoal entre os membros.
- c) A mesma especialización profesional.
- d) Toma de decisións finais de xeito individual .



**PREGUNTA DE RESERVA 1.- Son bens e dereitos privados ou patrimoniais aqueles que:**

- a) sendo titularidade das administracións públicas, teñen o carácter de demaniais.
- b) sendo titularidade das administracións públicas, non teñen o carácter de demaniais.
- c) sendo titularidade das administracións públicas, non teñen o carácter de comunais.
- d) todas as respostas anteriores son incorrectas.

**PREGUNTA DE RESERVA 2.- De conformidade co art. 47 da Constitución Española de 1978:**

- a) A comunidade participará nas plusvalías xeradas pola actuación urbanística das entidades públicas.
- b) A comunidade participará nas plusvalías xeradas pola actuación urbanística das entidades privadas ata un límite do 25 % do aproveitamento anual patrimonializable.
- c) Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e efectiva da mocidade no desenvolvemento relixioso.
- d) Os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica dos cidadáns ata a vellez.

**PREGUNTA RESERVA 3.- Segundo o artigo 63 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cal das seguintes causas non é a perda da condición de funcionario?**

- a) A renuncia.
- b) A sanción disciplinaria de separación do servizo.
- c) A sanción disciplinaria de suspensión firme.
- d) Xubilación voluntaria.

**PREGUNTA RESERVA 4.- Segundo o artigo 172 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de marzo, en qué subescala están clasificadas a Policía local e os seus auxiliares?**

- a) Administrativo.
- b) Técnica.
- c) Servizos especiais.
- d) Administrativo

**Pregunta reserva**

**5.- É fundamento da orde política e da paz social:**

- A) A dignidade das Institucións e os costumes
- B) Os dereitos consuetudinarios e o costume
- C) O respecto aos dereitos especiais
- D) O libre desenvolvemento da personalidade

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

**6.- Dende os servizos sociais comunitarios, dentro do programa de fomento da cooperación e da solidariedade social fomentarán :**

- a) a solidariedade entre os membros da comunidade local e a acción voluntaria na área social en aplicación da normativa vixente sobre voluntariado.
- b) establecerán espazos de complementariedade na execución dos seus programas para a acción de persoas voluntarias sen detrimento da calidade e da profesionalidade dos servizos no seu conxunto
- c) fomentarase a creación de organizacións de autoaxuda, axuda mutua e de acción solidaria, mediante o correspondente asesoramento, formación e acompañamento do dito proceso. Estas organizacións complementarían a actuación dos servizos sociais públicos de acordo coa planificación local de servizos sociais
- d) todas as respostas son correctas

**7.- O Catálogo de servizos sociais está integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións que a continuación se relacionan:**

- a) intervencións ou servizos de carácter técnico profesional
- b) prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral
- c) programas de intervención comunitaria que constituirán un instrumento de prevención e inserción social que reforzarán a eficacia das prestacións esenciais e normalizadoras do sistema
- d) a, b e c son correctas.

**8.- A Lei de inclusión social de Galicia , está regulada por :**

- a) Lei 26/1990 de 20 de decembro
- b) Lei 39/2006 de 14 de decembro
- a) Lei 10/2013 do 27 de novembro
- d) Ningúnha das anteriores é correcta

**9.- A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación pública compatible con :**

- a) é compatible con PNC xubilación.
- b) non poderán acceder a RISGA as persoas que teñan a idade mínima para poderen solicitar unha PNC de xubilación
- c) calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da PNC percibidas polo/a solicitante da Risga, non impedirán o acceso a ela, pero descontaranse do seu importe
- d) as resposta b e c son correctas

**10.- Entre os recursos con que poden contar as persoas maiores , son centros de atención a neste área, os seguintes:**

- a) residencias, fogares residencias e vivendas comunitarias
- b) apartamentos tutelados e vivendas colaborativas
- c) as opcións a e b son correctas
- d) as opcións a e b son falsas